

PLAN DE CONVIVENCIA

CPI DO TOURAL

REVISIÓN Nº: 2
DATA:2025

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30 de xuño de 2025

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 30 de xuño de 2025

DATA 1ª REVISIÓN: 2018

DATA 2ª REVISIÓN: 30 de xuño de 2025

ÍNDICE

1. A CONTEXTUALIZACIÓN E A XUSTIFICACIÓN DO PLAN.	5
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.	7
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.	27
4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA	31
4.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras	31
4.1.1. Actividades do plan de acollida	32
4.1.2. Actividades supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual	33
4.1.3. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero	33
4.1.4. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social	35
4.1.5. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo	35
4.1.6. Programa de habilidades sociais a desenvolver na aula de convivencia	41
4.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso	41
4.3. Protocolo de Absentismo	53
4.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia	53
5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO	55
5.1. Dereitos e deberes do alumnado	55
5.2. Dereitos e deberes do profesorado	58
5.3. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores	60
5.4. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos	61
5.5. Protocolo actuación sobre teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos	62
5.6. Protocolo sobre deribación á aula de convivencia na ESO	64
6. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.	66

6.1. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección.....	66
6.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección	68
6.3. Tipificación e graduación de condutas contrarias á convivencia e medida correctora...	71
6.4. A figura da persoa instructora no procedemento corrector.....	73
6.5. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro: Conciliado e común.....	74
7. A FIGURA DA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA.....	80
8. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.	83
9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.....	86
10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.	87
11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.	88

1. A CONTEXTUALIZACIÓN E A XUSTIFICACIÓN DO PLAN.

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, a súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O DOCUMENTO

Este documento, elaborado pola Comisión de Convivencia, intégrase no Proxecto Educativo do CPI do Toural, e deberá ser coherente coas súas directrices tendo en conta as propostas do claustro e informado polo Consello Escolar.

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. A concreción anual do mesmo incluírase na Programación Xeral Anual.

As normas de organización e funcionamento do centro (NOFC), incluírán, as normas de convivencia que garanten o cumprimento do plan de convivencia. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

PRINCIPIOS QUE SUSTENTAN ESTE PLAN DE CONVIVENCIA

- ✓ Apostamos pola participación de todos os membros da comunidade educativa.
- ✓ Cremos na capacidade de transformación, dereito e deber, implicación persoal e profesional, evitamos exclusión e buscando solucións.
- ✓ Apostamos por unha dirección colexiada, conxunto de persoas, compatibles coa convivencia democrática.
- ✓ Cremos profundamente nas persoas, Alumnado, familias, compañeiros, profesionalidade, propia capacidade,
- ✓ Influencia no alumnado, respectamos e nos respectan.

- ✓ Preguntámonos pola nosa implicación/resistencia, actitudes cara ao alumnado, competencia e planificación docente, criterio claro nas decisións.

MARCO LEXISLATIVO

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar (DOG 27/01/2015).
- ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. En referencia á autonomía dos centros:
 - ✓ artigo 120.2.- Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.
 - ✓ artigo 120.4.- Os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia e ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo...

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Características do CPI Toural

Tipo de centro: Centro de titularidade pública, dependente da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria.

O edificio foi construído no ano 1976 comezando a funcionar no ano 1977 como centro de Educación Infantil e Primaria. Foi remodelado, finalizando as obras ó inicio do curso 1999-2000, para a implantación da Ensinanza Secundaria Obrigatoria.

Na actualidade, o centro imparte **tres etapas educativas**:

- Educación infantil
- Educación primaria
- Educación Secundaria obrigatoria

Número de unidades por etapa é:

- Unha unidade de educación infantil
- Seis unidades de educación primaria
- número de grupos por nivel na educación secundaria obrigatoria é de dous.

Persoal do centro:

- Número de alumnos/as: Cada curso o número de alumnado ronda os 300
- Número de profesores: 40
- Persoal non docente: Coidador, Conserxe, Coidadores do comedor, dúas persoas de persoal de limpeza
- Administrativo
- Persoa encargada da cafetería
- Persoal do transporte escolar: conductores e acompañantes do transporte escolar

Servizos ofertados:

- Comedor
- Plan Madruga
- Transporte escolar

Asociación de nais e pais: ANPA do Toural, encargada da xestión do comedor escolar, Plan Madruga e actividades extraescolares.

A **distribución interna** do centro é como segue:

Na **planta baixa**, onde está a entrada principal ó edificio conta con: Dúas aulas de educación infantil

- Oito aulas de educación primaria
- Sala de usos múltiples e audiovisuais
- Conserxería e fotocopiadora
- Servizos de profesorado e alumnado
- Caldeira
- Cafetería
- Sala de profesores
- Secretaría
- Dirección
- Xefatura de estudos de primaria e secundaria
- Departamento de Orientación
- Aula de apoio
- Biblioteca
- Sala de reunión da A.N.P.A. o **primeiro piso**, o edificio conta con:
 - Aulas de secundaria
 - Aulas específicas de Música, Tecnoloxía, Informática, Educación plástica e visual, Laboratorio

Servizos para o alumnado

- O edificio ten ascensor e rampas de acceso, non existindo barreiras arquitectónicas.
- Espazo exterior:
 - ✓ Pista multideporte
 - ✓ Pavillón, unido ao edificio central por un corredor cuberto.
 - ✓ Patio cuberto
 - ✓ Zona de xogo para o alumnado de educación Infantil delimitada
 - ✓ Horta escolar
 - ✓ Estación meteorolóxica
 - ✓ Aparcadoiro
 - ✓ Zona de reciclaxe
 - ✓ Zona de compostaxe

Características do seu entorno

O Centro Público Integrado do Toural está situado no lugar do mesmo nome, capital do concello de Vilaboa, provincia de Pontevedra.

Trátase principalmente dun entorno rural, situado preto de núcleos urbanos próximos como Arcade (Concello de Soutomaior) e Moaña. Núcleos máis importantes como Pontevedra (a 8'5 km de distancia) e Vigo, relativamente preto, por atoparse ben comunicadas estas dúas localidades pola autovía do noroeste que atravesa o Concello de norte a sur.

Este concello ten 37'54 km. de superficie e o número de habitantes é case 6000, repartidos polas súas cinco parroquias: San Adrián de Cobres, Santa Cristina de Cobres, Vilaboa, Bértola e Figueirido.

Da análise socioeconómica do concello, podemos dicir que o sistema productivo é diverso. A maioría das familias da zona adócanse ó cultivo de pequenas extensión, á pesca e ó marisqueo (actividade a tempo parcial, moi practicada polas mulleres e nais dos nosos alumnos, e que constitúe unha aportación importante á economía familiar). Moitos son traballadores/as por conta allea. Existe tamén na zona unha fábrica conserveira que da traballo a moitas das nosas familias.

Existen pequenas industrias madeireiras, moblerías, industria téxtil, conserveira, pequenos talleres mecánicos, de construcións metálicas, aserradeiros de pedra, etc. Gran parte da poboación activa traballa en industrias dos núcleos urbanos próximos como Vigo, Pontevedra, Arcade ou Moaña.


Unha característica do noso Concello é a dispersión xeográfica e a casi inexistente rede de transporte público. É por elo que a maior parte do noso alumnado é transportado. Ao redor do 90% do alumnado usa o transporte escolar.

O contacto das familias co centro tamén está determinado por esta dependencia do vehículo propio.

Outro sinal de identidade é a escolarización de alumnado de minorías étnicas.

Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

Un aspecto fundamental na mellora da convivencia é ter presente a idea de COIDAR dende o centro ás persoas, as relacións que entre elas se establecen e o entorno onde se desenvolven estas relacións. Deste coidado dependerá o clima de convivencia.



A convivencia de tres etapas educativas

O feito de ser un CPI, obríganos a garantir a convivencia positiva entre o alumnado das tres etapas, dando resposta as necesidades do alumnado e as familias de Ed. Infantil, Ed. Primaria e Ed. Secundaria.

As tres etapas teñen zonas perfectamente diferenciadas:

- As aulas de infantil están localizadas nun dos corredores da planta baixa, separadas das outras aulas. Contan cunha porta de acceso e saída do edificio independente, así como os baños para o alumnado e o profesorado desta etapa e espazos que se comparten.
- As aulas de primaria están no corredor da planta Baixa.
- As aulas de secundaria están no corredor do piso superior, onde se atopan tamén as aulas específicas.

Tamén existen espazos compartidos polas tres etapas:

- Trátase da aula de música, no piso superior do edificio
- A aula de usos múltiples e o pavillón, onde se desenvolven as clases de E. Física para as tres etapas.
- Aula de informática
- Biblioteca

A existencia dunha cafetería no centro

Este espazo, indirectamente, é un dos factores de cohesión entre as persoas que convivimos no centro: profesorado, alumnado, persoal non docente, conductores e acompañantes do transporte escolar, pais e nais, así como persoas que por diferentes motivos están relacionados/as coa actividade do centro.

O profesorado das tres etapas atopa neste espazo un lugar de encontro nos recreos e supón un recurso para a acollida de alumnado, profesorado e familias.

Equipo de mediación mixto

O feito de crear un equipo de mediadores e mediadoras mixto foi un reto e unha aposta. Neste equipo entendemos dende o principio que tiñan que estar presentes non só o alumnado, senón tamén os pais, as nais, o profesorado e o persoal non docente.

A Biblioteca

A nosa biblioteca, a través do Plan de Mellora das Bibliotecas escolares, PLAMBE, pretende ser tamén un espazo aglutinador e compartido. Estamos traballando para lograr que este espazo se convirta, como dí o título do noso proxecto *"A Biblioteca, motor da escola"*.

Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, alumnado, familias e do persoal de administración, así como doutras institucións e entidades do contorno.

Profesorado: O feito de ter en marcha Plans e Programas que involucran ás tres etapas, esixe dos profesionais que traballamos no CPI do Toural, unha coordinación e levar a cabo un traballo colaborativo. Os temas transversais, as celebracións do centro, a posta en marcha de proxectos multidisciplinares e transversais requiren da colaboración e participación de todos e todas.

O Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), tamén supón un punto de encontro e garante que a formación do profesorado do centro comparta uns obxectivos e reverta na mellora da calidade educativa.

Alumnado: O feito de contar no centro con alumnado dende os 3 ata os 16 anos, debe ser aproveitado e así usar o potencial que está detrás da aprendizaxe entre iguais, da titorización a través de experiencias internivel e interetapas. O traballo por proxecto e a posta en marcha dos diferentes programas tamén requiren dunha maior participación e implicación do alumnado na vida do centro.

A xunta de Delegados, convértese tamén nun órgano de participación do alumnado na vida do centro, así como a súa participación no Consello Escolar.

Outros centros educativos do Concello de Vilaboa: O CPI do Toural mantén unha estreita relación cos outros dous centros educativos: O CRA de Vilaboa Consuelo González Martínez e o CEP Plurilingüe de Riomaior, por ser centros de procedencia do noso alumnado, coidando especialmente a transición entre etapas a través dos departamentos de orientación dos tres centros.

Conflitividade detectada no centro

A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia do noso centro.

Esta información está extraída do Informe sobre os cuestionarios de convivencia contestados polo alumnado, profesorado e familias do centro, remitidos pola Consellería no cursos 2021 e 2023


Número cuestionarios analizados

Membros Comunidade Educativa	2016	2021	2023
Alumnado de 5º de primaria ata 4º da ESO	63	192	169
Profesorado	9	40	29
Familias	31	80	27
Persoal de administración e servizos	1	2	1

ALUMNADO


1. O centro está moi coidado e non hai estragos.

	% de resposta	
	2021	2023
Nunca	5,7	8,88
Un pouco	30,2	40,22
Bastante	47,9	45,57
Moito	12,5	4,14
Sen resposta	3,6	0,42

O centro está moi coidado e non hai estragos**2. Que problemas hai?**

% de resposta			
	2016	2021	2023
1 - Rómpense materiais da clase e do centro	17,5	30,4	24,83
2 - Fanse pintadas nas mesas, nas paredes, nos aseos...	41,3	78,3	40,81
3 - Róubanse materiais	20,6	43,5	33,73
4 - Dánanse os vehículos e outras propiedades privadas	1,6	2,9	4,78
5 - Non se respectan as cousas do centro	15,9	27,5	24,28
6 - Non se respectan as cousas de cada quen	15,9	37,7	23,1
7 - Tírase lixo ao chan	42,9	91,3	42,6
8 - O chan do comedor/cafetería remata todos os días cheo de lixo, os/as comensais non teñen coidado	3,2	5,8	7,68
9 - O transporte remata todos os días cheo de lixo, os/as viaxeiros/as non teñen coidado	-	10,1	5,93
10 - Dánanse as instalacións	11,1	36,2	20,13


Que problemas hai?



3. Sobre a forma de resolver os conflitos de convivencia no centro ou na vosa aula. Cando hai algún problema resolvémolo...

% de resposta			
	2016	2021	2023
1 - Falando entre todos/as	47,6	38,5	36,69
2 - Escoitando a opinión de todos/as para cambiar	9,5	12	17,71
3 - Mandando a falar co/a director/a ou xefe/a de	31,7	39,6	65,12
4 - Abrindo un parte	17,5	33,9	64,62
5 - Imponendo sancións (castigos)	25,4	29,7	63,27
6 - Os profesores e as profesoras dannos consellos	41,3	28,1	44,93
7 - Seguindo os consellos do/a orientador/a, do profesorado e do equipo directivo (director/a, xefe/a de estudos...)	27	24	32,55
8 - Falando co/a profesor/a en privado	41,3	39,1	55,61
9 - Chamando ás familias	11,1	22,9	49,75
10 - Quitándolle importancia e deixándoo pasar	11,1	10,4	13,57

Sobre a forma de resolver os conflitos de convivencia no centro ou na vosa aula. Cando hai algún problema resolvémolo...




4. Conduas negativas:


	Nunca			Poucas veces			Bastantes veces			Moitas veces		
	2016	2021	2023	2016	2021	2023	2016	2021	2023	2016	2021	2023
1 - Acoso (en persoa ou por internet, móbil...)	79,6	66,3	55,6	9,5	24,2	27,6	1,6	6,8	10,8	1,6	2,8	6
2 - Ameazar ou insultar	44,4	46,4	27,9	33,3	36,9	34,6	11,1	10,6	26,8	6,3	6,1	10,7
3 - Ameazar ou insultar utilizando o ordenador, o móbil, etc.	68,3	64,1	57,8	22,2	29,2	27,9	1,6	5,1	12,6	1,6	1,7	3,1
4 - Chegar tarde á clase	38,1	23,6	20,9	41,3	55,5	52,4	7,9	17	20,8	6,3	3,8	6
5 - Deixar de lado e non facer caso a algún/ha	41,3	45,3	26,7	36,5	38,7	45,4	9,5	13,3	18,1	7,9	2,8	9,6
6 - Desobedecer e non respectar o/a profesor/a	47,6	43,3	34,5	31,7	37,6	37,5	6,3	15,2	20,3	7,9	3,9	7,8
7 - Dicir mentiras ou rumores sobre alguén	36,5	47	26,8	36,5	26,5	27,4	7,9	16,5	26,2	9,5	10	19,6
8 - Dicir mentiras ou rumores sobre alguén utilizando o ordenador	73	64,8	48,5	14,3	23,5	28,1	4,8	7,8	15,6	1,6	3,9	7,9
9 - Entrar e saír da clase sen permiso	57,1	66,1	38,1	19	24,6	31	11,1	4,9	15,6	9,5	4,4	7,8
10 - Faltar á clase sen causa xustificada	50,8	33,9	20,3	28,6	47,2	38,9	11,1	11,6	27	9,5	7,2	13,8
11 - Interromper, molestar e non deixar dar a clase ao profesorado	34,9	31	19,3	34,9	35,3	34,8	14,3	24,3	30,8	12,7	9,4	15,2

12 - Negarse a facer as tarefas que nos tocan	54	42,4	42,3	25,4	24,5	32,4	7,9	18,1	19,2	6,3	5,1	6
13 - Non ter coidado co aseo e coa limpeza	36,5	54,7	36,6	23,8	26,4	32,9	15,9	10,6	19,8	14,3	8,2	10,8
14 - Obrigar a algún/ha compañeiro/a a facer	65,1	68,5	50,3	22,2	24,8	32,7	3,2	3,8	13,3	3,2	2,8	3,6
15 - Pegar ou facer dano	41,3	53,1	26,7	41,3	36,4	50,1	7,9	6,1	18,5	4,8	4,5	4,8
16 - Poñer alcumes ou rirse doutra persoa	33,3	31,9	21,1	38,1	40,8	41	12,7	17,3	23,5	9,5	10,1	14,5
17 - Provocar, ridiculizar ou insultar	60,3	60,1	54,9	27	25,2	31,7	3,2	8,4	10,8	3,2	6,1	2,4
18 - Roubar diñeiro ou material/cousas	57,1	64,1	35,8	27	27,5	41,1	3,2	6,1	5,97	4,8	2,3	9,5
19 - Tomar drogas (alcol, tabaco)	73	87,2	76,2	11,1	7,2	15,5	6,3	2,2	4,9	1,6	3,3	3,5


CONDUTAS NEGATIVAS (% NUNCA se producen)




CONDUTAS NEGATIVAS (% Se producen POUCAS VECES)



CONDUTAS NEGATIVAS (% Se producen BASTANTES VECES)



CONDUTAS NEGATIVAS (% Se producen MUCHAS VECES)




5. Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia.


	Nunca			Poucas veces			Bastantes veces			Moitas veces		
	2016	2021	2023	2016	2021	2023	2016	2021	2023	2016	2021	2023
1 - A través de internet, xa sexa no móbil ou no ordenador	60,3	47,7	50	6,3	34,5	27,5	3,2	11,9	14,4	19	5,9	8,17
2 - Ao entrar ou saír da clase	38,1	48,3	42,7	3,2	40,8	40,6	14,3	8,1	13,3	34,9	2,9	3,47
3 - Ao entrar ou saír do recinto	41,3	54,6	47,6	4,8	33,9	39,6	7,9	7,5	7,5	34,9	44	4,6
4 - Durante as clases	31,7	34,5	42	3,2	48,6	40,4	6,3	11,8	13,6	50,8	5,1	4
5 - No comedor escolar	60,3	69,6	60,7	1,6	26,5	30,6	1,6	2,4	6,1	9,5	1,5	2,5
6 - No recreo	9,5	12,5	15,5	20,6	40,9	36,5	28,6	30,6	25	33,3	15,9	23
7 - No transporte escolar	36,5	42,6	44,9	9,5	43,8	35,5	12,7	10,7	12,5	33,3	3	7,2

8 - Nos arredores do centro	28,6	49,8	34,4	3,2	34,9	36,4	12,7	11,3	16,7	38,1	4,1	4,5
9 - Nos aseos	39,7	60	60,5	3,2	30,6	26,4	11,1	6,4	7,1	36,5	2,9	6
10 - Nos corredores	41,3	45,5	40,4	3,2	42	44,5	11,1	10,8	9,7	31,7	1,7	5,3
11 - Nos intercambios de clase	42,9	42,2	45,8	4,8	44,5	37,6	11,1	10,4	11	33,3	2,9	5,7


Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia (% NUNCA Se producen)




Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia (% Se producen POUCAS VECES)



Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia (% Se producen BASTANTES VECES)




Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia (% Se producen MOITAS VECES)




6. Padeciches algunha conduta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto?

% Total			
	2016	2021	2023
Si	17,5	22,4	26
Non	73	65,6	71,6
Sen resposta	9,5	12	2,37




7. Que fixeches cando padeciches estas situacións/conduas? (% con respecto a cuestión 6, resposta: Si).

% de resposta			
	2016	2021	2023
1 - Non fixen nada	36,4	25,6	8,3
2 - Defendínome fuxindo para que non me atacasen	9,1	7	3,54
3 - Intentei falar para resolver o problema	9,1	25,6	7,7
4 - Intentei non pensar no que sucedía	9,1	32,6	8,32
5 - Cando me axudaron, sentínome máis seguro/a	9,1	23,3	7,1
6 - Sentínome triste	36,4	41,9	13
7 - Díxenlles que me deixaran en paz	36,4	32,6	8,9
8 - Pedínlles axuda aos/ás meus/miñas amigos/as	18,2	27,9	6,5
9 - Díxenllo ao/á delegado/a da clase	0	4,7	1,17
10 - Pedínlle axuda a unha persoa adulto/a do	18,2	23,3	7,1
11 - Pedínlle axuda a alguén da dirección (direc-	18,2	14	11,5
12 - Pedínlle axuda ao/á orientador/a	9,1	7	2,77
13 - Pedínlle axuda á miña familia	18,2	16,3	7,04
14 - Defendínome atacando	9,1	20,9	11,9



8. Estou satisfeito/a co centro ao que asisto.


% Total		
	2021	2023
Si	64,1	69,8
Non	24,5	29,6
Sen resposta	11,5	0,6



PROFESORADO

1. A convivencia no centro nos últimos 3 anos:


	% de resposta		
	2016	2021	2023
1 - Empeorou de xeito alarmante	0	7,5	3,45
2 - Empeorou lixeiramente	11,1	20	41,38
3 - Mellorou lixeiramente	22,2	30	34,48
4 - Mellorou moitísimo	0	4	10,34
5 - Sen resposta	66,7	37,5	10,34



2. Consideras que existen actualmente no centro problemas de convivencia?

	% de resposta		
	2016	2021	2023
Si	0	7,5	20,69
Non	22,2	25	13,79
De xeito puntual	77,8	0	65,52
Sen resposta	0	67,5	0

Consideras que existen actualmente no centro problemas de convivencia?




FAMILIAS

1. Na súa opinión, a convivencia no centro educativo ao que vai o seu fillo ou filla, nos últimos 3 anos ...


	% de resposta	
	2021	2023
1 - Empeorou de xeito alarmante	2,5	0
2 - Empeorou lixeiramente	7,5	18,52
3 - Mellorou lixeiramente	46,3	74,07
4 - Mellorou moitísimo	20	7,41
5 - Sen resposta	23,8	0

A convivencia no centro nos últimos 3 anos:




2. Consideras que existen actualmente, no centro ao que asiste o seu fillo ou a súa filla, problemas de convivencia.

	% de resposta	
	2021	2023
Si	8,8	11,11
Non	53,8	40,74
De xeito puntual	32,5	48,15
Sen resposta	5	0



3. Sobre a condición de presunta vítima ou agresor/a.

	% de resposta	
	2021	2023
1 - O/a meu/miña fillo/a non foi nin vítima nin	61,3	77,78
2 - O/a meu/miña fillo/a padeceu a condición de	10	11,11
3 - O/a meu/miña fillo/a foi autor/a ou coautor/a dalgunha agresión	2,5	0
4 - O/a meu/miña fillo/a foi tanto vítima como autor/a ou coautor/a dalgunha agresión	3,8	3,7
5 - Sen resposta	22,5	7,41




4. Agresións que padeceu o seu fillo/a (% con respecto a cuestión 3, resposta 2)

	% de resposta	
	2021	2023
1 - Roubar diñeiro ou material	37,5	0
2 - Agresións físicas	37,5	7,4
3 - Ameazar ou insultar	87,5	7,4
4 - Obrigar a facer cousas que outro/a non quere	50	3,7
5 - Poñer alcumes ou rirse doutra persoa	75	3,7
6 - Non ter en conta a algún/ha compañeiro/a e excluílo/a dun grupo de amigos	75	0
7 - Dicir mentiras ou rumores sobre alguén	87,5	0
8 - Ameazar ou insultar utilizando tecnoloxías da información e a comunicación - TIC	62,5	0
9 - Poñer alcumes ou ridiculizar a alguén utilizando as TIC	37,5	0
10 - Dicir mentiras ou rumores sobre alguén utilizando as TIC	50	0
11 - Agresións verbais	87,5	7,4
12 - Producirse situacións de acoso ou ciberacoso entre o alumnado do centro	50	0
13 - Desobedecer e non respectar ao/á profesor/a	37,5	0
14 - Non cumprir as normas de convivencia no centro	62,5	0
15 - Interromper, molestar e non deixarlle dar a clase ao/á profesor/a	37,5	0
16 - Negarse a facer as tarefas asignadas	25	0
17 - Provocar, ridiculizar ou insultar aos/ás profesores/as	25	0
18 - Chegar tarde á clase	12,5	0
19 - Consumo de drogas (alcohol, tabaco, etc)	12,5	0
20 - Entrar e saír da clase sen permiso	12,5	0
21 - Mostrar situacións de abandono en hábitos de hixiene	25	0
22 - Producirse absentismo escolar	0	0
23 - Observar actos vandálicos con danos no centro	37,5	0

NOTA: Existe moita variabilidade entre os datos do 2021 e 2023. Esperemos a enquisa do 2025 para valorar os datos.

5. Estou satisfeito co centro ao que asiste o meu fillo/a.

% Total		
	2021	2023
Si	80	85,19
Non	2,5	14,81
Sen resposta	17,5	0



3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

Obxecto, fins e principios do plan de convivencia

- 1) O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
- 2) O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.
- 3) O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro.
- 4) A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme o establecido neste decreto. Estes documentos son:
 - a) O proxecto educativo do centro.
 - b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.
 - c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial.
 - d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.
 - e) A programación xeral anual.

Obxectivos específicos e relación cos obxectivos xerais

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución do obxectivo xeral que é facilitar-lles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

Obxectivos específicos:

- a) Promover a formación permanente do profesorado en materia de convivencia
- b) Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro acción ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos, biblioteca, laboratorio, aulas específicas, cafetería, aula de mediación...) así como nos momentos de maior actividade.
- c) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- d) Coñecer e analizar a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa
- e) Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro
- f) Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
- g) Debe contribuir a fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- h) Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- i) Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a soliedariedade entre o alumnado
- j) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- k) Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo

- l) Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia
- m) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- n) Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta
- o) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- p) Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade
- q) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- r) Formar aos diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva
- s) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- t) Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar
- u) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais
- V) Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, bienestar, sanidade, xustiza, igualdade e tendo en conta que os axentes responsables da convivencia son:
 - **A comunidade educativa:** No seu conxunto, é axente responsable da convivencia escolar e polo tanto participa na elaboración, desenvolvemento, control do cumprimento e avaliación do plan de convivencia.

- **A comisión de convivencia:** A comisión de convivencia ten carácter consultivo e desempeñará as súas función por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar ten asignadas o consello escolar.
- **O claustro de profesores:** Realizará propostas para a elaboración do plan de convivencia, especialmente no referido ás normas de convivencia e actuacións de carácter educativo relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos. ademais participará na avaliación periódica da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan.
- **O equipo directivo do centro:** En conxunto e de xeito individual a persoa que exerza a dirección do centro e a persoa que exerza a xefatura de estudo do centro.

4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

4.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras

Son as actuacións, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade. Entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia enuméranse os seguintes:

1. **Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.** Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.
2. **Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa,** incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
3. **Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia,** incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.
4. **Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar,** que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:
 - a) Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
 - b) Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
 - c) Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible,

recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

5. **Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos** que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflitividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que puidesen xurdir, de conformidade co establecido neste decreto.
6. **Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro**, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

4.1.1. Actividades do plan de acollida.

Xornada de acollida e convivencia:

Transición Infantil a Primaria - Alumnado de E.Infantil

Dado que o noso centro, na etapa de educación primaria, recibe alumnado de 4 aulas de educación Infantil diferentes, está prevista unha xornada de convivencia entre o alumnado de infantil do CPI Toural e o alumnado do CRA (aulas de Paredes, Bértola e Figueirido), posto que van a ser compañeiros na aula de 1º curso de primaria. Esta actividade organizada polo Departamento de Orientación, ten como obxectivo ensinar o centro ao alumnado novo, dar oportunidade de que o alumnado das diferentes aulas se coñeza e desenvolver dinámicas de cohesión de grupo. Un grupo de alumnos do centro (*alumnado guía*) fai un percorrido polas diferentes dependencias do centro, explicando as normas de funcionamento da biblioteca e uso da cafetería. O alumnado visitante e anfitrión, comparte xogos e unha merenda. Esta actividade tamén permite que o profesorado manteña un contacto e intercambio de información.

Transición de Primaria á ESO- Alumnado de 6º de primaria

Tamén recibimos alumnado de 6º curso de primaria do CEP Plurilingüe de Riomaior, polo que o Departamento de Orientación tamén organiza unha xornada de convivencia. Unha visita ás dependencias do centro e tamén ás diferentes aulas da ESO, as aulas específicas onde cada profesor explica o funcionamento da súa aula

e materia. A xefatura de estudos presenta as normas de organización e funcionamento. Presentación do equipo de mediación e o seu funcionamento.

4.1.2. Actividades supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.

Desenvolveranse, ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

4.1.3. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a suscitar nos o respecto da igualdade de sexos.

A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos, pois hoxe é máis urxente que nunca inculcar a necesidade do rexeitamento ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

A educación escolar debe contribuír a que o alumnado sexa capaz de identificar situación nas que se produce este tipo de discriminacións polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos á súa vez de acordo con estes valores igualitarios.

A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escolar xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

Accións dirixidas á comunidade escolar:

- Tratamento da linguaxe: uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e visualícese o xénero feminino. Os escritos e documentos dirixidos dende o centro terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información.
- Sensibilizar e concienciar ás alumnas no interese polo coñecemento científico-tecnolóxico co fin de ampliar os campos posibles de elección nas súas expectativas profesionais.

Accións de centro:

- Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos
- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc)
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplen un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc)
- Tratar de erradicar os comportamentos e relacións entre o alumnado que non sexa igualitarios. Romper dende a aula os estereotipos sexistas
- A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría, pero é un compromiso asumido por todo o profesorado
- Enfrontar o tema da violencia de xénero. Debemos abordar este tema como un compromiso social e educativo
- Colaborar con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación
- Conmemoración de datas como o día Internacional da Muller e o día Internacional contra a Violencia de Xénero.

4.1.4. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día escolar da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller, Día do pobo xitano, celebración da nosa tradicional "*Festa das Culturas*".

Medidas de carácter organizativo que posibiliten a axeitada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

Plan de habilidades sociais, elaborado polo Departamento de orientación que contribúe á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, sempre que sexa necesario, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, esté temporalmente privado do seu dereito de asistencia ó centro. Este programa aplicarase de xeito coordinado entre o Departamento de orientación e o profesorado tutor/a, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento axeitado do proceso educativo e das accións propostas.

4.1.5. Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo

O departamento de orientación elabora e desenvolve un programa que contribúe á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como

complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

- Difusión do Programa de mediación entre iguais entre o alumnado novo e familias
- Presentación dos mediadores á comunidade educativa
- Localización do buzón onde calquera membro da comunidade educativa poda notificar un caso de intimidación ou acoso.

MEDIACIÓN ESCOLAR:

- 1) A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.
- 2) Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.
- 3) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para estas intervencións.

A mediación escolar convértese nunha potente ferramenta que permitirá traballar determinadas competencias clave entre o noso alumnado, ademais de implicar a toda a comunidade educativa na tarefa de mellorar o clima de convivencia na aula logrando así un estilo máis democrático e participativo na xestión do centro.

No noso centro entendemos que é importante crear ese grupo mixto de mediadores, composto por: alumnado, profesorado, persoal non docente, pais e nais.

Así os adultos, ademais de cumprir o seu rol de mediadores/as, apoian e acompañan o labor dos/as estudantes mediadores/as na súa xestión.

A metodoloxía utilizada é a activa-participativa e conversacional, desde o modelo aprender-facendo, e que na exercitación da técnica de mediación tradúcese na aplicación dos contidos a situacións reais e vivenciadas nos establecementos, baixo supervisión directa dos/as profesionais encargados/as da formación en mediación. Un dos principios fundamentais desta metodoloxía é respectar a dinámica dos grupos, o que implica modificacións e negociacións de grupo continuas e necesarias, en prol da convivencia e a aprendizaxe individual e grupal.

A selección dos/as persoas mediadores/as debe responder aos seguintes criterios mínimos:

- Actividade voluntariamente aceptada.
- Actitudes e habilidades sociais positivas.
- Recoñecemento positivo de entre os seus pares e/ou aceptación social no centro.
- Posuír actitudes solidarias.
- Con capacidade de diálogo.
- Dispoñibilidade de tempo, tanto para a capacitación e adestramento en mediación, como para desenvolver procesos de medición.

Indirectamente o alumnado destinatario será todo o alumnado do centro. Unha primeira formación inicial sobre a mediación estará destinada ao alumnado de 5º e 6º de primaria e toda a ESO.

Posteriormente, unha vez feita a selección dos mediadores, recibirán unha formación directa 5 alumnos mediadores de primaria e 5 alumnos mediadores de ESO.

Profesorado

Todo o profesorado do centro recibirá unha formación inicial sobre a mediación sobre como funciona o servizo de mediación do centro.

O equipo directivo (directora, xefa de estudos de primaria e xefa de estudos de secundaria) recibirá igualmente a formación.

Horario no que se desenvolverá a actuación

- Unha sesión informativa xeral sobre mediación, dirixida para pais, nais, persoal non docente e profesorado.
- Unha sesión informativa xeral sobre a mediación, a desenvolver durante a xornada escolar, dirixida ao alumnado de 5º, 6º e 1º, 2º, 3º, e 4º da ESO.
- Unha campaña de sensibilización con actividades que esperten a curiosidade entre o alumnado.
- A adquisición das actitudes, técnicas e procedementos de mediación destinada aos mediadores seleccionados, que contempla:
- Sesións, en horario non lectivo. Esta estrutura permite unha adecuada comprensión e reflexión dos contidos, como tamén a súa aplicación e adestramento
- Xornadas de Traballo. As Xornadas realizaranse nun lugar diferente ao centro e cunha formulación de "crear grupo" entre todo o persoal que se está formando (alumnado, profesorado, pais/nais e persoal non docente.
- Sesión para a revisión e elaboración de documentos para a mediación:
 - ✓ Distintivo e logo do equipo de mediación
 - ✓ Documento modelo de solicitude de mediación
 - ✓ Documento modelo de rexistro do proceso de mediación
 - ✓ Modelo de acordo
- Sesións de seguimento. Os mediadores terán soporte técnico, sobre todo nos primeiros procesos de mediación que lideren.

- Sesión de avaliación do proceso de mediación, onde se analizarán as dificultades atopadas, eficacia dos procesos, propostas de mellora...

Seguimento accións de mediación

O seguimento das accións de mediación realizado é especialmente importante. Inicialmente, cada vez que se realice unha acción de mediación, ademais de documentar a acción realizada cubrindo o correspondente formulario, é necesario realizar unha entrevista co coordinador do programa para consolidar as aprendizaxes correspondentes á actuación realizada.

Cando unha persoa realiza varias accións de mediación diferentes, non é necesario analizar cada unha delas, podendo agrupalas mensualmente.

Establécense, ademais, reunións mensuais de seguimento coas persoas que non realizaron ningunha mediación, para coñecer os motivos polos que non realizaron ningunha intervención (ausencia de conflitos, dificultades para intervir, implicación persoal con algunha das partes...).

O alumnado terá a súa disposición no corredor do Departamento de orientación un buzón para solicitar a intervención dos mediadores; buzón que xestionarán os mediadores e mediadoras ao igual que a corcheira que se atopa diante da cafetería, destinada a publicitar o servizo de mediación do centro.

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

As aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Dicir que o noso centro ten serias dificultades para garantir a existencia dun espazo para a aula de convivencia, polo problema de espazo xeral que temos no centro.

O plan de convivencia incluírá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

- a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.

A aula de convivencia inclusiva **debe contribuir** a:

- ✓ Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas accións.
- ✓ Desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- ✓ Reconstruír e favorecer autoestima e autocontrol.
- ✓ Axudarlle a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares.
- ✓ Resolver os conflitos de maneira pacífica.
- ✓ Mellorar a vida académica.

Condicións que debe cumprir o alumnado para asistir á aula de convivencia:

- ✓ Ser reincidente
- ✓ Ter suscrito un compromiso de convivencia que implique directamente traballar algún dos obxectivos da aula
- ✓ Presentar deficiencias na autoestima, autocontrol, relación persoais, integración.

Outras condicións:

- ✓ N° de veces que un alumno/a pode ser derivado ao aula
- ✓ N° máximo de días e horas ao día
- ✓ N° máximo de alumnos/as que poden atenderse simultaneamente

- b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase

contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

- c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

4.1.6. Programa de habilidades sociais a desenvolver na aula de convivencia

Como complemento das medidas correctoras previstas, o Departamento de Orientación desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no noso centro. Así mesmo, desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Este programa aplicárase en colaboración co profesorado titor/a e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento axeitado do proceso educativo e das accións propostas.

4.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.

O noso plan de convivencia debe incluír un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar e o ciberacoso, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

- b) Con este fin están protocolizadas as charlas para o alumnado dentro do Plan Director para a Mellora da Convivencia nos centros.
- c) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar e ciberacoso.
- d) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
- e) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.
- f) Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.
- g) As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

CRITERIOS PARA A DEFINICIÓN DE ACOSO ESCOLAR

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Algúns destes criterios son:

- **A continuidade no tempo** unha condición indispensable para ser considerado acoso ou ciberacoso escolar

- **Desigualdade.** Desequilibrio de poder físico, psicolóxico, numérico e/ou social, incluíndo o derivado do dominio das TRIC, entre a vítima e a persoa acosadora, de xeito que a vítima non sexa quen de defenderse.
- **Intencionalidade.** Exprésase na intención consciente de facer dano (físico, verbal ou psicolóxico) a unha persoa co obxectivo de convertela en vítima. Non se trata dun descoido nin dun acto fortuíto.
- **Personalización.** Os ataques prodúcense cara a unha mesma persoa, que é colocada desta forma nunha situación de indefensión
- **Repetición.** A vítima recibe de forma continuada e sistemática ataques de diferente tipo, desde unha ou varias fronte e durante un tempo continuado. A importancia da frecuencia da agresión para definir a existencia de acoso é resaltada por moitos estudos e investigacións existentes. Isto é debido a que a repetición e a frecuencia están na base da definición de acoso. No caso do ciberacoso, unha soa mensaxe ou imaxe difundida a través de redes sociais pode ter un efecto multiplicador que converte unha única intervención nunha agresión repetida no tempo. A súa rápida difusión provoca unha maior vulnerabilidade nas vítimas.
- **Indefensión.** A reacción típica da persoa agredida é non dicir nada. Tamén hai unha indefensión allea, ao non atopar ningunha axuda do grupo para saír da situación
- **Humillación.** Perséguese que a vítima quede humillada e danada a súa posición grupal.
- **Rexeitamento.** As accións realizadas non son aceptadas pola vítima, pese a que o agresor ou a agresora as describan como unha broma ou un xogo.
- **Invisibilidade.** As accións calcúlanse para se realizar en espazos -físicos ou virtuais- pouco frecuentados polas persoas adultas e en tempos escolares con menor supervisión.
- **Inhibición das persoas observadoras.** As situacións de acoso normalmente son coñecidas por terceiras persoas que non contribúen suficientemente para que cese a agresión. A vítima está soa fronte a quen a agrede, e poucas ou ningunha das persoas observadoras a apoian ou a defenden.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (víctima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias. Proporciona pautas de actuación.

A persoa responsable da dirección do centro, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo e tendo en conta o establecido *Protocolo educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar* e o marco normativa relacionado coa convivencia e as situacións de acoso e ciberacoso.

Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar, é necesario levar a cabo medidas rápidas e efectivas, que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes).

Tanto a dirección do centro coma o denominado equipo ACAE, equipo encargado de levar a cabo as accións e medidas necesarias para a detección e a intervención ante posibles casos de acoso e ciberacoso escolar, serán as figuras encargadas de levar adiante todas as actuacións necesarias durante o proceso de intervención.

Cómpre lembrar que toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla en cada fase do protocolo terá carácter confidencial, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Para elo establecemos o seguinte plan de actuación, coas seguintes **fases**:

FASE 1: COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN

Calquera membro da comunidade educativa ou calquera persoa coñecedora dunha posible situación de acoso deberá informar o equipo directivo do centro o antes posible

Ante o coñecemento dunha posible situación de acoso, a dirección do centro elaborará e asinará o **registro de comunicación de feitos**, empregando o *Anexo 1*.

Rexistro de comunicación dos feitos recibirá. Ademais, será quen realice as oportunidades comunicacións a familias, representantes legais, inspección educativa e outros axentes externos, de ser o caso

O antes posible, **a dirección do centro trasladará ao equipo ACAE toda a información** para realizar unha primeira valoración dos feitos. Da constitución deste equipo quedará rexistro a través do *Anexo 2. Constitución do equipo*

O equipo ACAE xestionará todas as demais actuacións posteriores á comunicación dos feitos. Este estará formado por un mínimo de tres membros do claustro, entre os cales sería aconsellable que se atopasen os seguintes:

- Xefe/a do Departamento de Orientación.
- Coordinador/a de benestar e convivencia.
- Un/unha docente nomeado/a pola dirección do centro para cada caso en función do alumnado implicado, que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser o caso.

Este equipo solicitará a colaboración da persoa designada pola dirección do centro como responsable da atención á vítima, recollido no artigo 30.2.c) da Lei 4/2011, así como de persoas de confianza, pertencentes ao centro, de todo o alumnado implicado

En xeral, as funcións deste equipo serán as seguintes:

- Revisión diaria e filtraxe das posibles denuncias no Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar.
- Rexistro e comunicación dos feitos ante a dirección do centro educativo.
- Comprobación da veracidade dos feitos comunicados.
- Determinación da existencia de indicios de acoso.
- Apertura, de ser o caso, dunha investigación.
- Adopción, de ser necesario, de medidas inmediatas.
- Elaboración do ditame derivado da investigación.
- Apertura, se procede, do protocolo.

- Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou de representantes legais, unicamente no caso de apertura do protocolo.
- Pechamento, cando proceda, do protocolo.
- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

Finalizadas as primeiras xestións para o esclarecemento dos feitos, o equipo ACAE realizará unha primeira valoración dos feitos, que se recollerá no *Anexo 3. Primeira valoración dos feitos* comunicados, que será cuberto e asinado polos membros do equipo e entregado á dirección do centro.

Nesta primeira valoración o equipo ACAE informará sobre:

- ✓ Se **non aprecia a existencia de indicios** de acoso ou ciberacoso escolar e non determina a necesidade de apertura dunha investigación, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido neste documento
- ✓ Se **aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar**, determinarase a necesidade de apertura dunha investigación, pasando a **seguinte fase do protocolo**

FASE 2: INVESTIGACIÓN E DITAME

Apreciados indicios de acoso ou ciberacosos na fase previa, o equipo ACAE procederá a iniciar unha investigación.

Dita investigación consiste nun proceso confidencial que ten como obxectivo confirmar ou descartar a necesidade de apertura do *Protocolo de Acoso e Ciberacoso Escolar*.

O protocolo que deberá seguir o equipo ACAE durante a investigación será o seguinte:

- ✓ **Observación directa e sistemática** nas zonas de risco (patios, corredores, entradas e saídas da clase, cambios de clase, comedor etc.), co fin de recoller datos sobre as relacións do alumnado no centro, as características

das súa interacción, os niveis de agresión existentes, as situacións en que se producen agresións etc.

- ✓ **Realización das entrevistas** que o equipo ACAE estime oportunas, como mínimo, a posibles vítimas, posibles persoas acosadoras, persoas espectadoras e persoa que informa dos feitos (de ser o caso). De cada entrevista elaborase o correspondente *Anexo 4.1. Entrevista coas persoas implicadas*.

As persoas implicadas poderán contar cunha persoa do centro da súa confianza para realizar o acompañamento durante a entrevista, deixando constancia desta situación a través do *Anexo 4.2. Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista*.

Paralelamente á investigación, ou antes, se a situación así o require, poderanse establecer **medidas inmediatas**:

- ✓ Vixilancia por parte do equipo ACAE nos lugares onde teña lugar o suposto acoso.
- ✓ Acompañamento da posible vítima por persoas da súa confianza.
- ✓ Seguimento diario polo/a docente de confianza da posible vítima.
- ✓ Separación das persoas implicadas nos lugares de uso común.

Concluída a investigación, **o equipo de ACAE** analizará a información recollida e fará unha **valoración da situación**, que será rexistrada a través do citado *Anexo 4. Investigación e ditame*:

- ✓ Se no ditame SE DESCARTA a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o centro educativo dará o proceso por concluído e non se iniciará o protocolo. Así e todo, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, segundo o regulado na Lei 4/2011, de 30 de xuño, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

A decisión de non abrir o protocolo poderase modificar con posterioridade se os datos indican unha variación da situación en sentido oposto. Neste caso, estableceranse as medidas educativas e correctoras que determine a xefatura de estudos.

- ✓ Se no ditame SE CONFIRMA a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE iniciará o protocolo e trasladará á dirección do centro a necesidade de apertura do procedemento corrector común das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, segundo sinala o artigo 46.1 do Decreto 8/2015. e reflexado no apartado 6.4 deste documento.

Ao mesmo tempo, a dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do centro, deixando constancia disto a través do *Anexo 5. Nomeamento da persoa responsable da atención á presunta vítima*.

Todas as intervencións realizadas polo equipo ACAE pasarán a formar parte do protocolo de acoso e ciberacoso escolar

FASE 3: APERTURA DO PROTOCOLO

A dirección comunicará oficialmente, a través de medios físicos ou telemáticos, a apertura do protocolo ás familias e/ou representantes legais das persoas implicadas, e estas serán convocadas a unha reunión a través do *Anexo 6. Comunicación de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar*.

En presenza das familias ou de representantes legais, o equipo ACAE informará das medidas inmediatas adoptadas, as actuacións realizadas e a información resultante das investigacións previas. Ademais, recollerá a nova información achegada pola persoa implicada, e deixará constancia de todo o anterior a través do *Anexo 7. Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais*.

FASE 4: PECHAMENTO DO PROTOCOLO

Rematadas as reunións, o equipo ACAE comunicará á dirección do centro as conclusións que levan consigo o pechamento do protocolo.

A través do Anexo 8. Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberracoso escolar, a dirección notificará esta situación ás familias ou representantes legais.

FASE 5: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

As medidas propostas polo equipo ACAE levan asociado un seguimento do seu desenvolvemento, adaptando a temporalización proposta a continuación ás circunstancias concretas de cada situación, e deixarase constancia a través do *Anexo 9. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas*, do cal deberá entregarse copia á dirección do centro.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN Á PRESUNTA VÍTIMA

Con independencia das medidas inmediatas adoptadas para protexer a persoa presuntamente acosada, referidas na segunda fase, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso, e das posibilidades do centro.

Algunhas destas medidas poderían ser:

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s).
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha "*persoa responsable de apoio e atención á vítima*" á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumnado afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.

- Titoría individualizada e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección.
- Técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima.
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións.
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente corrector.
- Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

MEDIDAS REEDUCADORAS E CORRECTORAS PARA A/S PERSOA/S AGRESORA/S UNHA VEZ INSTRUÍDO O EXPEDIENTE E CONFIRMADO O ACOSO.

a) Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s.

Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- ✓ Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- ✓ Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- ✓ Formación de equipos de mediadores.

- ✓ Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- ✓ Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- ✓ Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión.
- ✓ Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- ✓ Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

b) **Medidas correctoras** para a/s persoa/s agresora/s.

Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.

Outras medidas:

- ✓ **Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador.**
 - Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía.
 - Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
 - Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
 - Analizar as consecuencias dos comportamentos.

- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.
- Charlas de sensibilización sobre o acoso e ciberacoso a través do Plan Director.

✓ **Coas familias.**

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías.
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

✓ **Co equipo docente.**

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación.

- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado tutor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado no Programa de Mediación.

4.3. Protocolo de Absentismo

Ante calquer situación de absentismo, o centro seguirá as pautas de actuación recollidas no Protocolo de absentismo que dende a Xunta se impulsou co fin de establecer unhas pautas de actuación común.

Para elo, o equipo directivo deberá garantir o control diario das faltas do alumnado por parte do profesorado.

En caso de falta de asistencia non comunicada previamente, o centro comunicará á maior brevidade posible, a falta á familia do alumno/a.

No momento que o número de faltas sobrepase o 10% da carga lectiva mensual, activarase o protocolo arriba referenciado.

Nas Normas de funcionamento e organización do centro, concretamente no apartado 4.11, están indicados tódolos aspectos relativos a asistencia ás clases, xustificación das faltas e prevención do absentismo escolar.

4.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia.

Formación do profesorado

No marco do plan de convivencia, deben establecerse as actuacións correspondentes para a formación do profesorado, o alumnado, as familias e o persoal non docente en materia de convivencia.

Para elo o noso centro canalizará esta formación a través do seu Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) e do Plan Director para a Mellora da Convivencia nos centros educativos.

O centro tamén poderá deseñar intervención encaminadas á formación do profesorado, accións dirixidas especificamente a mellorar a súa formación no ámbito da educación para a cultura da paz, a igualdade entre mulleres e homes, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Escola de nais e pais

Esta iniciativa está pensada para axudar a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo, así como ofrecer ás familias un recurso para a súa función educadora.

As nais e pais ou titoras e titores deben asumir compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:

- a. Contribuíndo ao crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.
- b. Desenvolvendo a súa potencialidade como educadores e educadoras dos seus fillos ou das súas fillas.
- c. Recoñecendo o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores e portadoras de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- d. Mellorando as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Para garantir un clima de convivencia positivo, será necesario que todas as persoas que conviven no centro, coñezan os dereitos e deberes, e tamén a existencia de normas que deberán ser consensuadas e sumidas por todos os membros da comunidade educativa.

5.1. Dereitos e deberes do alumnado. Os dereitos do alumnado, deberán ser os referidos á formación integral e coeducativa, ao respecto á identidade, integridade e dignidade persoal, protección contra toda agresión física e moral, participación no proceso educativo e na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos.

DEREITOS:

1. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
3. Á protección integral contra toda agresión física e moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A participar directamente no proceso educativo, no funcionamento e na vida dos centros, así como na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
5. A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.
6. A recibir unha orientación académica e profesional para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades aspiracións e intereses.
7. A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

8. A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais o ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
9. A manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos representantes do alumnado na forma establecida na normativa vixente. A unha educación inclusive e de calidade
10. A unha educación inclusive e de calidade
11. A expresar a súa opinión libremente, respetando os dereitos e a dignidade das demais persoas, no marco das normas de convivencia do centro.
12. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
13. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
14. A reunirse dentro do horario do centro.

DEBERES:

Entre os deberes do alumnado, deben de estar aqueles que teñen que ver coa tolerancia e o respecto á liberdade, á integridade e á dignidade de toda a comunidade educativa; coa non discriminación; coa implicación na vida do centro e na consecución dun clima axeitado de estudo; co respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina; coa asistencia regular á clase; o coidado dos recursos e instalacións do centro. Así, os deberes do noso alumnado serán:

1. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
2. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
3. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.

4. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
5. Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento según as súas capacidades.
6. Respetar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
7. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa no centro.
8. Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
9. Cumprir as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
10. Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro e dos bens doutros membros da comunidade educativa.
11. Reparar os danos, ou facerse cargo do custo económico da reparación, en caso de uso incorrecto, de forma intencionada ou por negligencia das instalacións e materiais do centro e dos bens doutros membros da comunidade educativa.
12. Participar na vida e funcionamento do centro e intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia no centro.
13. Participar e manter as condutas e actitudes esixidas nestas normas cando se realizan actividades extraescolares e complementarias.
14. Non fumar nin inxerir bebidas alcohólicas e observar hábitos hixiénicos e saudables.
15. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.

5.2. Dereitos e deberes do profesorado

DEREITOS:

1. -Colaborar co seu departamento no deseño da súa materia.
2. -Elaborar as programacións de aula.
3. -Participar nos órganos do centro e nas actividades escolares e extraescolares.
4. -Participar nas actividades de formación planificadas pola dirección do centro.
5. -Dispoñer dos recursos materiais do centro para realizar as súas actividades.
6. -Recibir información sobre a normativa legal de carácter profesional.
7. -A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
8. -A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve, en todo caso, a súa integridade física e moral.
9. -A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
10. -A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases, as actividades servizos complementarios e extraescolares.
11. -A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
12. -Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

DEBERES:

1. Respetar o proxecto educativo e actuar segundo as súas directrices.
2. Educar ao seu alumnado atendendo aos principios educativos e aos obxectivos aprobados polo centro.
3. Fomentar a capacidade e actitude crítica do seu alumnado, impartindo unha ensinanza exenta de toda manipulación ideolóxica.

4. Asistir ás reunións de claustro, departamento, avaliación, titores e calquera outras convocadas pola dirección.
5. Realizar as actividades complementarias: gardas, titorías, visitas, reunións cos pais,.etc.
6. Controlar a asistencia dos alumnos e comunicar as faltas ó titor coa regularidade establecida en cada caso.
7. Informarse sobre a normativa legal de carácter profesional.
8. Respetar as normas que prohiben fumar no centro.
9. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar.
10. Respetar e facer respetar a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
11. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
12. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
13. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
14. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixelo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

5.3. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

DEREITOS:

1. Como primeiros responsables, participar activamente na educación integral dos seus fillos/as.
2. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
3. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, especialmente das faltas de asistencia e dos resultados das avaliacións realizadas, de acordo coas normas establecidas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
4. Solicitar aclaracións e posibles rectificacións sobre o rendemento académico e as avaliacións da aprendizaxe dos seus fillos ou fillas.
5. Participar no funcionamento do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar, e formar parte das asociacións das ANPA existentes no centro.
6. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
7. A ser oídos, nos termos previstos pola lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos/as

DEBERES:

1. Participar activamente nos fins e obxectivos educativos propostos polo centro.
2. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
3. Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

4. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
5. Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas.
6. Acudir ao centro cando sexa requirido pola dirección, o orientador ou o titor dos seus fillos/as.
7. Asistir ás reunións colectivas convocadas pola dirección ou o titor.

5.4. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.

DEREITOS:

1. Participar na vida do centro a través do seu representante no consello escolar.
2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. Participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
5. Ser escoitados pola dirección cando se propoñan suxestións encamiñadas a un mellor funcionamento do centro.

DEBERES:

1. Colaborar na consecución dos fins e obxectivos propostos polo centro.
2. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
3. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
4. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixelo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

5. Gardar sxiilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
6. Atender as persoas que demanden información e axuda en relación co centro.

5.5. Protocolo actuación sobre teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos

Tal e como está reflexado no apartado 4.10 das Normas de organización e funcionamento do centro (NOF), está prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos coma tablets, auriculares e calquera dispositivo de comunicación durante á totalidade da xornada escolar, incluíndo **tanto** os períodos non lectivos da xornada escolar **coma** as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

Se o alumnado acode ao centro co teléfono móbil ou outros dispositivos electrónicos (tablets, auriculares, ...), estes deberán permanecer apagados e depositados nas taquillas ou nas mochilas, nunca nos estoxos que o/a alumno/a está utilizando encima da mesa ou levalo consigo no centro. O centro non se fará responsable da perda ou sustracción destes dispositivos no centro, desaconsellando que se traian ó centro escolar, se ben, realízanse as xestións necesarias para aclarar os feitos e tomará as medidas oportunas no caso de apreciarse actuacións contrarias as normas de convivencia.

Calquera perturbación ou distracción que se produza nas aulas e espazos comúns do centro durante o horario lectivo e teña como causa a manipulación ou ostentación dun teléfono móbil ou dispositivo electrónico será inmediatamente corrixida polo profesorado e poderá ser sancionada, se así se estima oportuno, coa súa retirada e o seu depósito en dirección ou xefatura de estudos, tal como prevé a Lei 4/2011 de convivencia.

Para o cumprimento do mencionado anteriormente, o alumnado está obrigado a entregar o teléfono móbil ou dispositivo electrónico, se o profesorado o require. A negativa á súa entrega será considerada como agravante por uso indebido e desconsideración á autoridade educativa e a conduta do alumnado estimarase como gravemente prexudicial para as normas de convivencia do centro.

A utilización do teléfono móbil ou de dispositivos electrónicos por parte do alumnado durante a realización de probas ou exames, será considerada como agravante.

Os auriculares non poderán estar á vista. De estalo, procederase como no casos anteriores.

Os teléfonos móbiles ou dispositivos electrónicos retirados e depositados en dirección ou xefatura de estudos só poderán ser recollidos polo pai, nai ou titor/a legal cando remate a última hora da xornada escolar do centro dese día.

De acordo coa lexislación vixente non está permitido fotografar nin filmar ás persoas sen o seu consentimento ou o dos seus pais se son menores. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa, é considerada unha falta grave.

No caso de que algún membro da comunidade educativa fose obxecto de fotografías ou gravacións non consentidas, o Centro porá os feitos e probas, se dispuxese delas, a disposición das autoridades pertinentes.

Non está permitido mostrar nin difundir entre os membros da comunidade educativa a través de teléfonos móbiles ou outros aparellos, imaxes de mal gusto nas que se contemplan tratos degradantes, vexacións ou agresións, que será considerada falta grave.

Non está permitido o uso das redes sociais na aula de informática, e todas aquelas páxinas con contidos ós que se refire o punto seguinte punto.

Queda totalmente prohibido, durante o período lectivo e en calquera dos equipos informáticos do centro (tablets, ordenadores Edixgal cedidos ó alumnado, ordenadores da aula de informática, teléfonos móbil, ...), o acceso ou uso das redes sociais así como o acceso a todas aquelas páxinas con contidos ós que se refiren os puntos seguintes:

- ✓ Atenten contra a honra, a intimidade e o segredo das comunicacións dos/as menores de idade ou doutras persoas.
- ✓ Sexan violentos, degradantes ou favorecedores da corrupción de menores, así como os relativos á prostitución ou a pornografía de persoas de calquera idade.
- ✓ Atenten contra o dereitos humanos e os valores universais (contidos racistas, xenófobos, homófobos, sexistas, fagan apoloxía do crime, do terrorismo ou de ideas totalitarias e extremistas, etc.).

- ✓ Danen a identidade e a autoestima das persoas menores, especialmente en relación á súa condición física ou psíquica. o Que fomenten a ludopatía e os consumos abusivos.

5.6. Protocolo sobre derivación á aula de convivencia na ESO.

No caso de enviar a algún alumno/a á aula de convivencia deberase cubrir o impreso "*parte de derivación á aula de convivencia*". En todas as aulas do centro, Na que se imparta docencia, deberá haber impresos "*parte de derivación á aula de convivencia*".

Neste parte de derivación a aula de convivencia, ademáis de indicar o motivo da derivación, e sempre que sexa posible, deberedes indicar as tarefas que debe facer o alumno/a derivado durante a súa permanencia na Aula de convivencia.

O/a alumno/a derivado/a será acompañado polo/a delegado/a do curso, que levará o "*parte de derivación á aula de convivencia*". O/a delegado/a de curso, entregará o parte de derivación a un/ha profesor/a de garda e retornará a clase. O/a profesor/a de garda, acudirá a aula de convivencia co/a alumno/a derivado/a e indicarlle as tarefas a desenvolver (*segundo o indicado no parte de derivación*).

O profesor de garda que acompaña o alumno derivado, rexistrará a derivación a aula de convivencia, no *libro de gardas da Aula de convivencia*. Este libro atoparase dentro da carpeta "Aula de Convivencia" na Secretaría

Nesta carpeta atoparase unha folla de reflexión que deberá cubrir o/a alumno/a derivado/a. Unha vez remate de cubrir a folla, a mesma gardarase no buzón "**Aula de Convivencia**" situado a carón do despacho do Departamento de Orientación para a súa valoración pola orientadora.

Finalizada a garda na Aula de convivencia, o/a alumno/a derivado/a, retornará a clase e o profesor/a de garda, deixará o "*parte de derivación a aula de convivencia*" no casilleiro do titor do alumno/a situado na sala de profesorado.

Sempre que se derivate a alumnado á aula de convivencia, deberase cubrir un "*Parte de conducta*". O parte de conducta será grabado no Xade e o orixinal do parte de conducta será deixado no casilleiro do titor do alumno/a situado na sala de profesorado

É importante que o titor do alumno/a derivado/a teña coñecemento deste feito, recibindo a documentación relativa

O titor/a unha vez reciba o "*Parte de conducta*", deberá poñerse en contacto telefónico coa familia do alumno/a sancionado/a, indicándolle que lle remitirá dúas copias do "*Parte de conducta*", de forma que un exemplar será para a familia mentres que o segundo exemplar terá que ser firmado pola familia e devolto ó titor, que será quen de custodialo, xunto co orixinal.

6. ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO.

6.1. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

Condutas leves contrarias á convivencia

Son **condutas leves** contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Medidas correctoras das conductas leves

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.

- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

1. O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do bloque anterior (*medidas correctoras das conductas leves*).
2. A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do bloque anterior (*medidas correctoras das conductas leves*).
3. A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das

medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do bloque anterior (*medidas correctoras das conductas leves*).

4. A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do bloque anterior (*medidas correctoras*). A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Solicitud de revisión e execución de medidas

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do bloque anterior *medidas correctoras das conductas leves* ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.
2. A resolución que imponha algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no bloque *medidas correctoras das conductas leves*, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

6.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do párrafo anterior (*Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais*)

Responsables da aplicación das medidas correctoras

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no bloque anterior *Medidas correctoras das condutas*

gravemente prexudiciais de conformidade cos procedementos previstos de corrección das condutas gravemente prexudiciais, contemplados en bloques posteriores.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

A proposta de cambio de centro

A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.

Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.

Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.

A xefa ou o xefe do departamento territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

6.3. Tipificación e graduación de condutas contrarias á convivencia e medida correctora

Como concreción ao establecido nos diferentes artigos da Lei 4/2011 e deste Plan de Convivencia, determínase o seguinte:

TIPO DE CONDUCTA	GRADUACIÓN		GRAVEMENTE PERXUDICIAL
	LEVE		
	Grao Baixo / Medio	Grao alto <i>medidas correctoras g) e h)</i>	
Non traer o material necesasrio.	Ata a terceira vez durante o mesmo mes.	-----	Expediente corrector: Medida correctora imposta dende dirección.
Non realizar na aula as tarefas e actividades propostas.	Dúas veces na mesma materia.	-----	
Impuntualidade	Ata tres veces no mesmo mes.	Máis dunha vez.	
Interromper deliberadamente as explicacións do profesor/a.	X	Máis dunha vez.	
Non gardar silencio nas aulas, interrompendo o normal desenvolvemento da clase.	X	Máis dunha vez.	
Dirixirse aos seus compañeiros/as con faltas de respecto.	X	Máis dunha vez.	
Dirixirse ao profesorado con falta de respecto.	X	Máis dunha vez.	
Uso inadecuado dos medios e materiais da aula ou dos compañeiros.	X	Máis dunha vez.	
Non seguir as indicacións do profesor/a en calquera espazo do centro.	X	Máis dunha vez.	
Entrar en aulas que non son as propias.	X	Máis dunha vez.	
Non utilizar correctamente os corredores.	X	Máis de 3 veces no mesmo mes.	
Saír da aula sen permiso do profesorado.	X	Máis dunha vez.	

Comer ou beber dentro da aula, incluída a goma de mascar.	X	Máis dunha vez.	Expediente corrector: <i>Medida correctora imposta dende dirección.</i>
Faltas de respecto ou desconsideración cara membros da comunidade educativa na súa condición de autoridade pública.	X	Máis dunha vez.	
Non sentarse no lugar asignado.	X	Máis dunha vez.	
Erguerse do sitio sen permiso do profesorado.	X	Máis dunha vez.	
Realizar comportamentos fraudulentos: substracción, deterioro, manipulación, suplantación, acceso a Internet indebido, etc.	-----	X	
Practicar xogos impropios e alleos á actividade educativa.	X	Máis dunha vez.	
Acumulación de partes.	-----	Tres nun mes.	
Permanecer na aula nos tempos do recreo sen autorización.	X	Máis dunha vez.	
Traer ao centro obxectos innecesarios para o desenvolvemento das clases, especialmente aqueles que poidan supoñer riscos ou ameazas.	A valorar en función do obxecto		

6.4. A figura da persoa instructora no procedemento corrector

A persoa instructora terá as seguintes funcións:

- Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.

- c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras.
- d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

6.5. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro: Conciliado e común

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: **conciliado** ou **común**.

Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa

A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

Para os efectos do antedito prazo máximo, nos casos de acoso e ciberacoso escolar o prazo máximo de doce días lectivos comezará a contarse desde que finalice o período de información previa que deberá abrirse neste suposto.

Desenvolvemento do procedemento común

A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

Procedemento conciliado

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector:

- Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
- Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
- Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

- A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
- Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

- O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
- O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora. No caso do noso centro, esta función será desempeñada pola xefa do departamento de orientación.

A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- Contribuír ao proceso de conciliación.
- Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas

Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

- a) Feitos probados.
- b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
- d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa ó departamento territorial correspondente.

As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuizos causados.
- e) carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro

ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Prescripción de condutas e de correccións

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescripción non empezará a computar mentres esta non cese.

En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescripción no caso de producirse a caducidade do procedemento.

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

7. A FIGURA DA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

A Estratexia galega de convivencia escolar 2025 recolle, dentro das súas liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

NOMEAMENTO

A persoa coordinadora de benestar e convivencia será designada pola dirección do centro de entre o profesorado do claustro, preferentemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente

FUNCÍONS

As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

8. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar recolle no seu artigo 6 que no seno do consello escolar constituiranse unha comisión de convivencia.

Composición

Segundo o artigo 6.2 do Decreto 8/2015 , na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal da administración e servizos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretario/a, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ó director/a por proposta dos colectivos representados.

Así, esta Comisión de Convivencia está composta por:

- ✓ Presidente/a que será a persoa titular da dirección do centro.
- ✓ Os/As xefes/as de estudos
- ✓ Representantes do alumnado.
- ✓ Representante do profesorado.
- ✓ Representantes das familias
- ✓ Representantes do persoal de administración e servizos

Todos os representantes na mesma proporción na que se encontran representados no consello escolar do centro, aínda que non é requisito que sexan os mesmos.

Ademais, no artigo 6.5 establece que, cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado/titor relacionado co tema que se analice, do educador/a

social do concello onde estea o centro educativo ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Os profesionais aconsellables na composición da comisión de convivencia (como profesorado) son:

- ✓ Persoa coordinadora de benestar e convivencia
- ✓ Persoa que ostente a xefatura do departamento de orientación.
- ✓ Calquera outro membro da comunidade educativa que teña formación e sensibilidade nos temas relacionados coa convivencia.

A comisión de convivencia terá 3 xuntanzas mínimas ordinarias anuais (unha por trimestre), necesarias extraordinarias convocadas por presidencia a iniciativa propia ou proposta de 1/3 membros.

Funcións

No artigo 6.4. do Decreto 8/2015, establécese como funcións da Comisión de Convivencia:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ó consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso , das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, no cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ó consello escolar do centro e ó correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

O centro mantén unha comunicación fluída coas familias e outras institucións do entorno.

Estas relacións susténtanse en:

- Reunións iniciais grupais coas familias.
- Entrevistas individuais coas familias a través da función titorial e/ou orientadora.
- Difusión da información, normas, mediación , escola de familias, ..con folletos dirixidos ás familias.
- Reunións cos servizos sociais do Concello de Vilaboa.
- Contacto cos servizos médicos.
- Reunións con profesionais externos que interveñen co alumnado do centro.
- Coordinación e colaboración coa ANPA do centro.
- Coordinación cos centros adscritos.
- Coordinación co Departamento de Orientación do CEP Plurilingüe de Riomañor e CRA de Vilaboa

10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Para que o Plan de Convivencia teña sentido e éxito precisamos que toda a Comunidade educativa faga eu dito plan: impulsado, establecido, coñecido, valorado e avaliado por todos os sectores da Comunidade educativa.

- Profesorado a través:
 - ✓ Claustro
 - ✓ Comisión de convivencia
 - ✓ Xuntas de avaliación
 - ✓ Comisión de coordinación pedagóxica
 - ✓ Profesorado novo. Sistema de información ó inicio do curso

- Familias a través de:
 - ✓ Consello escolar
 - ✓ Comisión de convivencia
 - ✓ Sistema informativo a través da páxina web
 - ✓ Reunión a principio de curso a través dos titores/as
 - ✓ Cartas informativas
 - ✓ Reunión co Equipo directivo e Departamento de orientación coas familias que comezarán o seguinte curso

- Alumnado a través de:
 - ✓ Titor/a
 - ✓ Consello Escolar e os seus representantes
 - ✓ Páxina web
 - ✓ Xunta de delegados
 - ✓ Familias

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Segundo as funcións marcadas na lexislación vixente, correspóndelle á Comisión de Convivencia o seguimento e a coordinación do Plan de Convivencia. A tal fin, reuniranse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados acadados, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

Os equipos docentes e o Claustro de profesores achegarán as súas conclusións e propostas de mellora para a convivencia no centro á Comisión de Convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.